

CIME 2011

Barcelona, 7-8 d'octubre de 2011 | www.cime2011.org



Congrés Iberoamericà de Masculinitats i Equitat: Investigació i Activisme
Congreso Iberoamericano de Masculinidades y Equidad: Investigación y Activismo
Congresso Iberoamericano de Masculinidades e Equidade: Pesquisa e Ativismo
Maskulinitateei eta Berdintasunari Buruzko Kongresu Iberoamerikarra
Congresso Iberoamericano de Masculinidades e Equidade: Investigación e Activismo

Venres 7 e sábado 8 de outubro, no Espai Francesca Bonnemaison
(c/ Sant Pere Més Baix, 7. Barcelona)

Os homes ante o reto da igualdade: tema a debate nun encontro internacional en Barcelona

Os próximos días **7 e 8 de outubro** celébrase en **Barcelona** o **I Congreso Iberoamericano de Masculinidades e equidade**.

A asociación catalá **Homes Igualitaris**, federada con **AHIGE** (Asociación de Homes pola Igualdade de Xénero) organiza este evento centrado en tres eixos:

- a **investigación** en temas de masculinidade
- o **activismo** ou movemento de homes pola equidade
- a **intervención e políticas** dirixidas a homes que fomenten a equidade

O Congreso ten un cariz multidisciplinar e **abordará as masculinidades desde diversas perspectivas das ciencias sociais** (socioloxía, psicoloxía, educación, antropoloxía, historia, estudos culturais, dereito, economía, etc). Está dirixido a persoas que están a investigar en xénero e masculinidades, a persoal técnico e político das áreas de igualdade, educación, mocidade, promoción económica, servizos sociais, saúde, etc., das administracións públicas e tamén a asociacións, ONG e persoas que traballen no ámbito da igualdade, especialmente se o fan con homes.

Nos últimos anos Homes Igualitaris - Ahige Catalunya (HI) organizou diversas xornadas sobre masculinidades e igualdade de xénero. Un resultado directo destas accións foi o incremento de programas, obradoiros e actividades sobre homes e igualdade en Cataluña. Agora trátase de dar un paso máis co fin de converter a Barcelona no lugar de **encontro das investigacións** que en España, América Latina e outros países están a facerse **sobre as vidas dos homes e as representacións cambiantes das masculinidades**. A actual situación social de desigualdade entre os sexos, cos problemas que leva sobre todo cara ás mulleres, pero tamén cara a moitos homes, son hoxe temas emerxentes e de extremo interese académico e social.

Ademais, aproveitando a celebración deste evento, quérese avanzar na **coordinación do movemento de homes pola igualdade en España**, celebrando un Foro de debate, o sábado 8 de outubro, co título: **"A inclusión dos homes nas políticas públicas de igualdade de xénero: retos e oportunidades"**. Con este espazo de encontro e debate preténdese que activistas, colectivos e asociacións establezan estratexias e prioridades comúns na investigación e a acción.

Durante estes dous días, Barcelona converterase, pois, no **lugar de referencia internacional dos estudos e accións sobre homes e igualdade**.

Contacto de prensa - Juajo Compairé. 637 742 163. jjcompaire@gmail.com
Mais información en: <http://www.cime2011.org/index.html>